



ORDENANZA FISCAL Nº 23

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVICIO DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

Exposición de motivos

A competencia para autorizar o matrimonio civil correspondíalles tradicionalmente ós xulgados, ata que unha reforma dos artigos 49 e seguintes do Código Civil, por Lei do 23 de decembro de 1994, autorizou que a partir do 1 de marzo do ano 1995 se puidesen autorizar perante alcaldes ou concelleiros.

A organización, celebración de matrimonios civís e uso de instalacións nestes actos, produce unha serie de gastos para o Concello, e para sufragar ditos gastos establececese esta taxa.

Artigo 1º.-Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co dispostos nos artigos do 15 o 27, ambos inclusive, da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a seguinte taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonios civís, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.-Feito imponible.

1. Será obxecto desta taxa o conxunto de actuacións relativas á celebración de matrimonios civís, especialmente a organización do acto, a utilización da instalación para a celebración, e outras relacionadas coas anteriores.
2. Non se inclúe nesta taxa nin a tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin a expedición posterior do libro de familia.

Artigo 3º.-Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4º.-Cota tributaria.

A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza ascende a 60 Euros.

Artigo 5º.-Obrigación de pagamento.

1. A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.
2. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.



3. A celebración de vodas civís que estará supeditado ós actos propios do Concello.

Disposición derradeira.

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vintetrés de marzo de dous mil dous, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza fiscal publicouse no [BOP Núm. 140 do xoves 20 de junio de 2002.](#)